

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2020/6	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Sorteo de mesas electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia de 12 de xullo de 2020.»
<b>Data</b>	15 de xuño de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 12:54 ata as 14:02 horas
<b>Lugar</b>	Videoconferencia
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

**Sr. Rodríguez Davila:** Bos días a todos, quero desculpar á compañeira Ana Cristina que por problemas non está, polo que vaise ausentar do pleno.

**Sra. Alcaldesa:** Esta é unha convocatoria extraordinaria polo motivos que coñecemos todos, que é o sorteo das mesas electorais para as eleccións ao parlamento de Galicia que se van a celebrar o 12 de xullo, tamén me consta que en Comisión informativa Santi pedira que se celebrara este pleno a outra hora e teño que dicir que o Xulgado pecha as dúas polo que xa imos moi xustiños polo retraso de comezo desta sesión, e o conserxe notificador ten que entregar a listaxe do sorteo que vamos a realizar agora.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### **Sorteo de mesas electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia de 12 de xullo de 2020.**

**Sra. Alcaldesa:** Doulle paso a funcionaria encargada de facer o sorteo, se vos pasará ao e-mail oficiais dos partidos a listaxe de membros de mesa electoral cando finalicemos este sorteo realizado para as eleccións ao Parlamento.

A Sra. Alcaldesa informa que se vai iniciar o sorteo das mesas electorais no ordenador da funcionaria responsable do padrón e rexistro municipal, que tamén está presente na videoconferencia, polo que o sorteo será retransmitido e todos os asistentes o poden presenciar.

Efectuado o sorteo realizado, a Sra. Alcaldesa informa que o funcionario notificador levará inmediatamente Pablo esta listaxe ao Xulgado e tamén serán remitidas aos e-mail dos grupos municipais.

**Sr. Rodríguez Davila:** Bos días a todos os veciños que nos estean escoitando e vendo a través das redes ou de diferentes medios, darlles a benvinda a este Pleno municipal. En canto ao punto no que estamos agora mesmo, o sorte, o dicir que xa o ven vostedes, que non hai trampa nin cartón, que se fai automaticamente, que logo esas cousas que entre veciños se din, como porqué me tocou dúas veces seguidas, porqué



non lle toucou a esa rapaza mais xoven ca min, a informática é a que fai o sorteo e o que sae é o que sae e aínda que hai excepcións, porque hai persoas que van a quedar excluídas pola situación de pandemia, pero como se puido ver aquí non hai trampa nin cartón.

Dito isto, Alcaldesa quería corrixirille porque efectivamente é certo que eu pedín en nome do noso grupo poder ter o pleno extraordinario pola tarde, xa que imos a debater dous puntos concretos despois deste que é a modificación do regulamento que regula o banco de alimentos de noso Concello e tamén a aprobación do Plan Económico Financeiro que logo se debatirá. Creemos que é un tema importante por iso pedimos o pleno pola tarde, efectivamente hoxe é o último día para poder facer o sorteo das mesas, pero iso non significa que non se puidera haber feito o pleno o venres ou o xoves e polo tanto, como goberno e vostede como Alcaldesa, esperou ao último día para convocalo e adamos a correr e ás presas como case sempre.

#### **Expediente 1031/2020. Aprobación inicial da modificación do Regulamento do funcionamento do programa de alimentos.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**Sra. Ledo Souto:** Bos días a todos, esta é unha modificación do regulamento xa existente no Concello para xestionar o programa de alimentos do Concello, que tiña uns ingresos baixiños e para estes momentos que hai un montón de familias afectadas pola situación da COVID-19 decidimos facer unha modificación, porque nese regulamento non estaba contemplado, non se viu no momento de aprobalo, situacións peculiares como as que estamos vivindo agora, como de pandemia, como por unha desgracia tanto por medios naturais como de outro tipo. O que se fixo é modificar o artigo 4 engadíndolle un punto máis para que poidan sumarse máis familias, porque o ingreso que tiñamos establecido era moi baixiño e esta situación con ERTES, xente que se quedou na casa sen traballo, o creemos conveniente. Foi unha proposta de servizos sociais e a parte toda do cadro económico e de todos os requisitos que se teñen que cumprir o elaborou o departamento de servizos sociais. Eu creo que era importante telo en conta, pois que en calquera momento pode suceder como o que nos pasou estes tres últimos meses que ninguén prevía iso e que nos parecía difícil que pasara e é un pouco iso, telo contemplado no regulamento para non ter que estar cambiando o regulamento cada vez que suceda algo así.

**Sr. Rodríguez Davila:** Efectivamente este regulamento se aprobou en Pleno en agosto do ano 2015 en pleno ordinario, o noso grupo municipal votou a favor por aquel entón, se mal non recordo fixemos algunha aportación ao mesmo e polo tanto é un



regulamento que a Corporación aprobou por unanimidade e que está en vigor dende o ano 2015 ata día de hoxe. O goberno trae aquí unha modificación para engadirlle un punto ao artigo 4 que é contemplar en momentos excepcionais aumentar esa contía, dou por entendido que a táboa inicial, é dicir, a anterior ao punto 1 segue en vigor salvo en momentos excepcionais que se aplicará a táboa do punto 4.3 e así verdade?

**Sra. Ledo Souto:** Si é así, entra en vigor no momento que hai unha situación excepcional como esta e despois volvemos ao mesmo límite que rexía ata o de agora, isto é extraordinario, para situacións extraordinarias soamente.

**Sr. Rodríguez Davila:** Confirmado iso, dicir que nós loxicamente que imos a votar a favor e así o fixemos na Comisión e tamén así o imos a facer neste pleno, sen embargo, quería deixar claro, así o fixen publico en algunhas entrevistas e en algunhas publicacións, que o Goberno municipal contou sempre coa lealdade deste partido, deste Grupo nesta situación, se acertou en algunhas cuestión pero tamén consideramos que en algúns momentos e en algunhas cuestións como esta, se chega un pouco tarde. O decreto da Alcaldesa con respecto de aprobar esa instrución de medidas extraordinarias é de data 21 de maio, é dicir, dous meses despois do estado de alarma. A proposta da Sra. Concelleira para elevar ao pleno e de data 2 deste mes de xuño, é dicir, dous meses e medio despois do estado de alarma e hoxe estamos a día 15 de xuño, onte fixo exactamente tres meses do estado de alarma e estamos debatendo no pleno esta cuestión, que terá que ir a exposición pública durante 30 días e despois se non hai reclamacións ou alegacións por parte dos grupos municipais o de calquera asociación ou de calquera veciño, sería aprobado definitivamente, como digo un mes despois.

É certo que esa instrución se ven aplicando dende que se aprobou pola Sra. Alcaldesa por decreto unhas medidas e axudas económicas a cuestións concretas, pero como digo, dous meses despois do estado de alarma, solo que sexa retroactivo que nolo dirá a compañeira Gela, eu o entendo así porque así o pon no decreto, creemos que se chegou un pouco tarde. Nós imos a votar a favor e polo tanto seguiremos aportando no futuro inmediato ou cando consideremos, melloras a este regulamento municipal de banco de alimentos.

**Sra. Ledo Souto:** Entendemos que non se chegou tarde, é non foi así porque, como xa fixemos público, o Concello recibiu unha doazón das Escuelas de fútbol Denis Suárez para axudar neses primeiros momentos e puidemos atender, como mínimo, a todas as solicitudes que houbo no Concello ata o momento de aprobar o Decreto. Dende que se declarou o estado de alarma xa nos puxemos a traballar, porque repito, a escola de fútbol de Denis Suárez fixo unha aportación ao Concello que é pública e que todo o mundo o puido ver, e nese primeiro momento tiramos diso, porque era suficiente. No momento que vimos que non ía a ser suficiente foi cando se fixo o decreto por parte da Alcaldía, co cal todas as solicitudes que houbo tiveron resposta

afirmativa dende o primeiro momento. Esta é un pouco a explicación de porque se tardou un mes e pico en facer o decreto.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Bos días, darlle a benvida a nosa compañeira Lucía que se reincorpora despois da súa maternidade a aos órganos colexiados, xa participou na Comisión do outro día e agora esta do pleno.

Respecto deste punto a posición de Movemento Salceda vai ser positiva a favor, é, como xa defendeu a compañeira Gela, simplemente por en valor o Plan de axuda que se levou a cabo dende o Concello, que contou cunha inversión de 43.000 € e o Plan de axudas a familias vulnerables pola COVID-19 e a que ademais se sumou, como ven dixo Gela, a achega de Denis Suárez e a achega doutras empresas e particulares. Quero aproveitar tamén para agradecer, e quero facer unha mención ao anterior punto que quixen participar pero Loli non me mirou, con respecto do que dixo Santi de que o equipo de Goberno esperou ao último día para facer o pleno pola mañá, mentira, xa cho comentamos o outro día na Comisión, o prazo que tiñamos para convocar este pleno do sorteo de mesas electorais comezou este sábado e remata o mércores, polo tanto decidimos facelo no primeiro día que podíamos facelo que é hoxe luns, para que o funcionario notificador que se encarga de ir por todas as casas a notificar á xente tivera canto máis tempo posible, por iso decidimos facer o pleno o luns, o primeiro día, non no último como dixeches, para facilitarlle un pouco o traballo ao funcionario que ten que encargarse de notificar.

**Sra. Tourón Domínguez:** Bos días a todos e a todas, darlle a benvida a Lucía que xa estivo na Comisión anterior. En canto ao tema que se trata agora mesmo, só un par de cousiñas, recalcar o que dicía a compañeira Gela, responsable da área, que non se deixou desatendido en ningún momento a ninguén, afortunadamente grazas ás iniciativas que puxo en marcha o Concello así como as doazóns tanto das Escolas Denis Suárez como doutras persoas que o fixeron a título individual e empresas sen ningún fin de publicidade, senón mais que axudar, así como do Plan que quitou a Deputación de Pontevedra xusto para alimentos tamén, non tivemos que deixar a ningunha familia sen atender. En canto ao procedemento, este é máis formal digamos, para que quede reflectido para futuras ocasións que esperemos que non se dean, pero que pode ser, por iso o queremos reflectir.

Hai que ter en conta as dificultades que tivemos para celebrar plenos nun primeiro lugar e esta segunda opción que estamos levando a cabo por videoconferencia, pois todo iso leva un tempo de adaptación, creo que o máis importante nese momento era atender as familias, atendéronse e con iso deberíamos agradecer as aportacións de todos e que lle deramos solucións independentemente de que esteamos traendo ao pleno agora o que é a modificación do regulamento.

**Sr. Rodríguez Davila:** Quedoume atrás, en nome do noso Grupo, sumarme as



felicitacións a Lucía, xa a así o fixen na Comisión e tamén o quero facer neste pleno pola súa recente maternidade, benvida Lucía.

Están moi ben as achegas e as doazóns faltaría máis, nós como grupo e como partido nunca criticamos ningunha aportación viñera de quen viñera, outros en cambio critican cando veñen de diferentes entidades privadas ou daqueles que din que son capitalistas, eses ricos, e sen embargo cando toca xestionar ou gobernar benvidas sexan e aplaudímolos, pero nós aplaudímolos sempre, estando na oposición e estando no goberno.

Quero tamén agradecer a achega que se fixo das escolas deportivas Denis Suárez e tamén aqueles que anonimamente o fixeron antes, durante e despois desta situación ao longo dos anos e tamén quero dicir aquí que o noso grupo anunciou, por certo o fixemos tamén na crise anterior doando ao banco de alimento e a outros veciños con dificultades familiares, as aportacións que cobramos os concelleiros do grupo municipal nesa situación, igual que o anunciamos fai uns meses respecto de que imos a doar o 30% do que cobramos os seis compañeiros do Grupo Municipal de aquí a fin de ano para medidas que vaian en beneficio de colectivos ou tamén de outras iniciativas de persoas ou colectivos que o necesiten. É certo que efectivamente se recibiu esa doazón, pero unha administración pública non pode estar de brazos cruzados e esperar dous meses para tomar esa iniciativa porque como tivo unha achega privada pois xa foi resolvendo esa situación. Eu en ningún momento dixen que quedara ningunha familia sen atender, simplemente dixen que o goberno tardou dous meses en aprobar ese decreto, dous meses e medio para a proposta e tres meses despois en traela ao pleno.

En canto a celebración do pleno, efectivamente todos temos dereito a ter un marxe de manobra respecto a situacións excepcionais unha semana, quince días, un mes pero non tres meses, polo tanto se houbera vontade dende o inicio no pleno ordinario anterior se puidera haber traído, xa digo, o importante é ter esa iniciativa e intentar ser mais áxiles porque ao igual que dixen antes que acertastes nalgunhas medidas creo que noutras coma o reparto de máscaras ou outras cuestións o goberno foi por detrás con respecto doutros Concellos limítrofes, non o digo eu, o din os nosos veciños e o dicimos non con ánimo de crítica, senón con ánimo de que entre todos e sobre todo o Goberno que é a quen lle corresponde dirixir nestes momentos o municipio, se axilicen cuestións importantes como estas e outras que, como xa digo, non foron todo o rápido e suficientemente, nada máis, remato dicindo que imos a votar a favor.

**Sra. Tourón Domínguez:** Anunciar o voto a favor do Grupo do Partido Socialista e comentar que en todo momento dende o equipo de goberno se seguiron todas as recomendacións que o comité de seguimento da COVID-19 nos dicían para tomar todas as medidas que consideramos oportunas e sempre avaladas polos criterios médicos e dos responsables e autoridades sanitarias. En canto a que as

administracións teñen que estar e non esperar as doazóns públicas ou doazóns privadas por suposto, creo que nós estivemos dende o Concello dende o primeiro momento, a Deputación tamén estivo dende o primeiro momento cunha liña específica para os alimentos e o que si non estivo foi a administración autonómica, xa que da Xunta xusto para este tipo de liñas non recibimos nin un duro. Eu creo que por suposto as administracións teñen que estar antes que ninguén e estaría ben que en temas como estes tan sensibles e tan necesarios estivesen todas as administracións públicas.

**Sra. Ledo Souto:** Volver a reiterar que ningunha familia quedou atrás, nese momento contabamos con alimentos no banco de alimentos de Salceda, recibimos sempre durante todo o ano, como dixo Santi, doazóns de particulares e empresas. O que pretendo e que non que quede aquí reflectido que chegamos tarde, se atenderon todas as solicitudes.

**Sr. Rodríguez Davila:** Só aproveito este debate para deixar de manifesto unha vez máis que cando se aprobou o ROM o noso grupo votou en contra porque precisamente non estaba de acordo con el e aquí se ve claramente como interveñen catro persoas do goberno e unha da oposición, ou sexa, interveñen dúas persoas dun grupo que ten catro concelleiros e interveñen dúas persoas dun grupo que ten tres concelleiros e sen embargo o grupo maioritario da corporación con seis concelleiros intervén unha persoa, polo que estudiaremos o tema ao respecto porque o que non é normal e que fale a Concelleira delegada e fale a portavoz do Grupo e fale vostede, a Alcadesa, cando considere, e fale o portavoz do seu grupo que ten dereito por suposto falar, o que non é normal, e recordo no debate como se dicía por parte dos diferentes portavoces dos grupos de que o regulamento era para os plenos foran áxiles e curtos se entramos en debates, pois con esta metodoloxía non son curtos nin áxiles porque ao final intervimos máis persoas, intervindo a Concelleira delegada entendemos que é mais que suficiente, pero este é o regulamento que hai e nós non estamos de acordo con el.

**Sra. Alcadesa:** Non podo estar máis en desacordo, pero da igual, os regulamentos apróbanse para cumprilos, sei que manifestaches unha discrepancia no seu momento, eu se algún dos teus compañeiros pide a palabra creo que nunca lla neguei, si que son restritiva e severa en canto aos cumprimentos dos cinco minutos, precisamente na busca de axilidade, pero non creo que alguén que me pedira a palabra lla cortase. Lembro na sesión anterior que Ana Cristina me pediu a palabra e eu porque non daba atendido a todos vos non lla din, pero non era para nada a miña intención. Gela, neste caso é concelleira de área, é a persoa que tiña que defender este punto e é lóxico que interveña, e máis, que aclare cando así llo pedides para matizar. Repito, se vedes que hai algo que non está ben manifestádeo, facede as vosas queixas ou alegacións por medio de rexistro, por escrito e serán atendidas e respondidas pola Secretaria.



Pouco máis que engadir ao que dixeron os meus compañeiros e compañeiras, este é un trámite administrativo, a modificación dunha ordenanza para que esa situación non regulada completamente apareza regulada, pero no obxectivo creo que estamos todos de acordo, conseguíuse atender a todas as familias, falamos de mais de 56 familias, falamos de case 170 persoas as que se atendeu dende o primeiro momento, ben cos alimentos que dispuñamos no programa de alimentos nese intre, ben coa aportación do noso veciño Denis Suárez, ben con todas aquelas aportacións anónimas de diferentes colectivos e de diferentes persoas, aquelas que o quixeron facelo público e aquelas que non, e seguimos recibindo eses donativos e eu quero darlles as grazas a todos e todas que os colaboran e colaborastes. Repito, uns de forma pública e outros de forma anónima. Para nós supuxo un tremendo esforzo económico falabamos de 43.000 € cos que dotamos a servicios sociais para ese Plan municipal de apoio a familias vulnerables da COVID-19 e falamos de todos eses donativos, agradecemento a todo o mundo xa o dixen no primeiro pleno e seguireino dicindo. Serán os veciños e veciñas os que nos xulguen e nos que digan en que chegamos tarde e en que chegamos antes, en que fixemos ben en que fixemos mal. A situación era difícil para todo o mundo e eu o dixen dende o primeiro momento, non vou criticar nin a un só dos meus compañeiros sexan da cor política que sexan neste ou noutros Concellos, porque sei que todo o mundo puxo toda a súa vontade nunha situación das máis difíciles da nosa vida como representantes políticos, non vou ser quen de criticalos nin criticalas nin agora nin o vou a facer despois, como noutras ocasións, serán os veciños e as veciñas quen nos xulguen o traballo feito, o que teñen que ter claro é que se fixo con todo o esforzo e con todo o corazón para que isto saíse o mellor posible e non me cabe dúbida de que todos os partidos que compoñemos a corporación tíñamos o mesmo obxectivo, que todo saíra o mellor posible.

Dáse lectura a proposta de Alcaldía para a súa votación:

*“Visto que por acordo do Pleno de data 28.08.2015, aprobose o Regulamento do funcionamento do programa de alimentos do Concello de Salceda de Caselas (BOPPO núm.215 de 06.11.2015).*

*Vista a necesidade de proceder á modificación do devandito Regulamento, polas causas expostas na proposta da Concelleira de Benestar Social de data 02.06.2020.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2020-0018 sobre o procedemento e a lexislación aplicable.*

*Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

**ACORDO**



*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4 do Regulamento do funcionamento do programa de alimentos, engadindo un novo apartado, o 4.3, que quede redactado da seguinte forma:*

*4.3.- Excepcionalmente, en situacións concretas e debidas a circunstancias urxentes e de especial gravidade que poidan afectar de maneira relevante ao estado económico e/ou social da poboación do concello, como pode ser a declaración do estado de alarma, situación de pandemia, catástrofes naturais, infortunios públicos ou semellantes que se consideren de extraordinaria relevancia, os requisitos para acceder ao programa de alimentos quedarán definido da seguinte forma:*

*1.- Que o cómputo dos ingresos mensuais da unidade de convivencia da que forma parte a persoa solicitante, sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional vixente, incrementándose o cómputo nun 20% máis por cada membro da unidade familiar a partir do terceiro (incluído) ata o límite máximo do 200% do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, sendo o baremo actual o seguinte:*

1 ou 2	membros	<SMI (950€/mes)
3	membros	SMI + 20% (1.140€/mes)
4	membros	SMI + 40% (1.330€/mes)
5	Membros	SMI + 60% (1520€/MES)

*Para o límite máximo de ingresos descontaráselle dos gastos de aluguer ou amortización da vivenda habitual ata un máximo de 300 euros ao mes.*

*2.- Estar empadroad/a no Concello de Salceda de Caselas.*

*SEGUNDO. Someter dita modificación a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

*Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.*

*Simultaneamente, publicar o texto da modificación do regulamento no portal web do Concello <http://salcedadecaselas.es/>*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos doce membros presentes nesta sesión; adoptándose os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4 do Regulamento do funcionamento do programa de alimentos, engadindo un novo apartado, o 4.3, que quede redactado da seguinte forma:

4.3.- Excepcionalmente, en situacións concretas e debidas a circunstancias urxentes e de especial gravidade que poidan afectar de maneira relevante ao estado económico e/ou social da poboación do concello, como pode ser a declaración do estado de alarma, situación de pandemia, catástrofes naturais, infortunios públicos ou semellantes que se consideren de extraordinaria relevancia, os requisitos para acceder ao programa de alimentos quedarán definido da seguinte forma:

1.- Que o cómputo dos ingresos mensuais da unidade de convivencia da que forma parte a persoa solicitante, sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional vixente, incrementándose o cómputo nun 20% máis por cada membro da unidade familiar a partir do terceiro (incluído) ata o límite máximo do 200% do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, sendo o baremo actual o seguinte:

1 ou 2	membros	<SMI (950€/mes)
3	membros	SMI + 20% (1.140€/mes)
4	membros	SMI + 40% (1.330€/mes)
5	Membros	SMI + 60% (1520€/MES)

Para o límite máximo de ingresos descontaráselle dos gastos de aluguer ou amortización da vivenda habitual ata un máximo de 300 euros ao mes.

2.- Estar empadroad/a no Concello de Salceda de Caselas.

**SEGUNDO.** Someter dita modificación a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do regulamento no portal web do Concello <http://salcedadecaselas.es/>

**Expediente 923/2020. Aprobación inicial do Plan Económico Financeiro para o período 2020-2021.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 7, En contra: 0,  
Abstencións: 5, Ausentes: 0

**Sra. Pereira González:** Grazas a todos polos parabéns, pola benvinda que me fixeches tanto hoxe coma no anterior pleno, quixera tamén aproveitar este momento para dar as grazas en especial aos meus compañeiros de goberno que tiveron que asumir e sufrir a miña ausencia precisamente nos dous meses mais complicados que nos tocou vivir nos últimos tempos e esperemos que nos próximos tamén, a partir de hoxe xa empezo de novo a tomar o relevo das miñas áreas.

Dito isto imos co Plan Económico Financeiro. A necesidade de elaborar este Plan ven derivada da liquidación do orzamento de 2019, unha vez feita esta obtemos que non cumprimos con dous dos parámetros esixidos que son a regra de gasto e a estabilidade orzamentaria, polo tanto estamos obrigados a realizar un plan económico co obxectivo de que ao fin deste dous exercicios cumpramos estes parámetros da regra de gasto e da estabilidade orzamentaria. O documento contempla as causas deste incumprimento, contempla tamén as medidas que se pretenden adoptar e o seu calendario de implantación e o mecanismo de control deste plan.

En canto as causas o incumprimento da regra de gasto e o incumprimento da estabilidade orzamentaria obedecen basicamente a un aumento de gasto, feita unha comparativa e unha análise da liquidación deste orzamento con outros anteriores, obtemos que hai certas partidas en que si que o aumento é considerable como son, por exemplo, as de enerxía eléctrica, que se aumentou case en 100 mil euros, tamén as de limpeza de instalacións, cada vez son mais os espazos que hai que manter e os empregados municipais cada vez son menos e isto fai que teñamos que acudir con máis frecuencia a empresas externas, isto incrementa o gasto. Tamén en asesoramento xurídico, tanto en materia urbanística como laboral, se produciu un aumento importante e en xeral en gasto corrente nas partidas de deportes e cultura. Xa digo, non son as únicas nas que se produciu aumento pero si son nas que se produciu un aumento considerable. Analizadas as causas de incumprimento e analizados os datos económicos, as previsións para o ano 2021 e os datos para este ano 2020 e tendo en conta que o resto de parámetros de liquidación son positivos, necesitamos reducir o gasto e uns 250 mil euros para cumprir coa estabilidade orzamentaria neste exercicio 2020 e por iso e xa que estamos a metade de ano, a medida máis eficaz consideramos que é a declaración de non dispoñibilidade destes

250.000 euros. No documento veñen as partidas das que se vai a realizar ese bloqueio, esa retención de 250.000 €, basicamente 125.000 € se van a detraer de partidas de investimento e outros 125.000 € se reparten entre partidas das áreas de cultura, deporte e incluso sanidade. A elección destas áreas é fundamentalmente debido ás peculiaridades deste ano, nesas áreas previsiblemente se vai a producir menos gasto porque haberá menos ou diferentes eventos e actos. En canto á sanidade, a posta do novo centro de saúde tamén nos permitirá aforrar os custos deste.

Para o 2021 propoñemos outra serie de medidas que a día de hoxe non podemos cuantificar economicamente pero si sabemos que serán un aforro importante e son a revisión, negociación e incluso licitación das tarifas eléctricas, a licitación de todos cantos servizos se poidan facer, de feito moitos xa están en marcha, redución do gasto corrente, redución de subvencións nas que teñamos que facer achega municipal. O seguimento farase por parte de intervención a través dos informes trimestrais. Dicar que o expediente conta con informe de intervención, que este é favorable e que ademais se inclúe no expediente a liquidación do orzamento a petición do Partido Popular, aínda que non forma parte deste expediente, pediron a súa inclusión e se incluíu tamén.

**Sr. Núñez Troncoso:** Estamos ante un plan económico financeiro que é a consecuencia da nefasta xestión económica dos últimos anos. Incumprimos o obxectivo da estabilidade orzamentaria, é dicir, o balance entre ingresos e gastos do orzamento é negativa en 1.226.000 €, a balanza entre ingresos e gastos do orzamento do 2019, incumprimos a regra de gastos, na regra de gasto temos un colchón do 2,70% sobre o gasto da liquidación do 2018 e este goberno superou, en vez dese 2,70 pasamos a un 35,70%, é dicir, que traducido en euros incumprimos en 1.577.000 € pero non é só o ano 2019, incumprimos no 2018, incumprimos no 2017 e agora que estamos ca auga ao pescozo ao goberno non lle queda máis remedio que elaborar este plan económico financeiro, e non o dicimos nós, aí están os informes de intervención da última liquidación, aí están os diversos requirimentos da Consellería de Facenda instando ao Goberno a elaborar un plan económico financeiro e agora, como xa dixen antes, como non hai mais remedio hai que elaboralo a marchas forzadas.

En que consiste este plan que nos presenta o goberno? Pois consiste en que basicamente durante o ano 2020 e 2021 o Concello ten que apertarse o cinto, consiste en que no 2020, como di a Concelleira de área, non podemos gastar do orzamento 250.000 €, é dicir, 125.000 máis ou menos de inversión, non se pode gastar en novos vieiros, non se pode gastar en camiños, non se pode gastar en medio ambiente ou en inversión de equipos de informática, por exemplo, para o funcionamento do Concello. En educación non se pode gastar 25.700 €, téñense que adquirir menos libros, vaise a gastar menos en cada colexio, menos en limpeza, menos en enerxía, menos en subministro, 15.600€ en cultura, 20.000€ en deportes,

18.500 € en publicidade e propaganda. Lémbrolle ao Partido Socialista que no orzamento se contempla máis de 100.000 € para publicidade e propaganda, fai pouco tempo o PSOE dicía de reducir esta partida nun 75%, pois o reducen nun 18,5% aínda hai unha diferenza substancial ata o 75%, sen embargo os vídeos propagandísticos aí seguen, tamén o dicía o PSOE ata hai pouco, pois aí seguen cun custe de 18.000€ ao ano.

En resumen eliminan en inversión, elimina en educación, eliminan en cultura, eliminan en deportes, algunhas contas ata quedan con cero euros como a de instalacións deportivas. Nas instalacións deportivas non se vai gastar ni un céntimo durante este ano, por prescindir ata prescinden de dúas partidas ou non existen, a 920/22299 dous mil euros se pretende non dispoñer dunha partida que non existe no orzamento, xa me explicaran como se fai isto. Doutra partida a 320/22199 que se pretende non dispoñer de 3000 € cando esa partida parte do orzamento con cero euros . Espero que na próxima intervención a concelleira de área nos explique como vai a ser isto. Para 2021 proponse unha serie de medidas como redución en enerxía eléctrica, redución en telecomunicacións, contratación externas de servicios de limpeza, axuda ao fogar etc... O que antes se criticaba na oposición agora faise o mesmo ou máis. Redución de subvencións, o goberno vai optar por aquelas subvencións nas que o Concello non ten que facer achegas, as ten que achegar un 25 ou un 30 % que é o habitual pois non se vai a optar a esas subvencións, non se van a pedir esas subvencións. O plan coincide co primeiro aniversario deste goberno, o primeiro ano e así nos vai, que hai que aprobar un plan económico-financeiro, esperemos que na próxima intervención da concelleira de área nos aclare esas dúas partidas en concreto. Nós imos a pedir a retirada do punto sempre e cando non se aclare estas dúas partidas.

**Sra. Tourón Domínguez:** Por parte do Partido Socialista o noso apoio a esta medida deste Plan económico – financeiro. Darlle o parabén a Lucía polo traballo e a todo o equipo de intervención, a pesares da situación na que se encontraba a compañeira nos últimos meses.

Efectivamente o PSOE cando estabamos na oposición, como dicía ben o compañeiro do Partido Popular, fai un ano, xa pedíamos este Plan económico financeiro, é mais non só o pedía o PSOE senón que o PP en mais dun pleno pedía este plan económico-financeiro, creo que é o camiño para mellorar as cousas e por suposto este equipo de goberno no seu conxunto, non só o Partido Socialista senón tamén Movemento Salceda está para intentar mellorar todo o posible aquilo que creamos necesario e isto é unha das medidas que creo que é importante que tomemos. Non sei a resposta desas dúas partidas o que si sei é que este punto foi introducido xa en Comisión Informativa, temos aos técnicos e técnicas da área para este tipo de preguntas. Dicar sempre que un plan económico-financeiro é unha decisión política pero sempre baixo a supervisión e quen o define realmente son sempre os técnicos, están sempre a

disposición de calquera dos membros da corporación para dar resposta a todas as dúbidas.

Este goberno é un equipo formado por dous partidos co cal é normal que fale o portavoz dos dous partidos igual que se houberse outro partido máis na oposición ademais do Partido Popular non sería lóxico darlle só a palabra ao PP na oposición pois no goberno é o mesmo. O noso poio a este plan económico-financeiro.

**Sra. Pereira González:** Simplemente dicirlle que posiblemente sexan erros nos números ao transcribir as partida, a verdade é que o Plan ten o informe favorable de intervención e seguramente se trate de erros no número da partida, revisarémolo antes da publicación.

**Sr. Núñez Troncoso:** A verdade é que seguimos sen reposta, a proposta deste plan a firma a Alcaldía, así como a Concelleira de área non nos pode aclarar como é que se pretende non dispor dun crédito de dúas partidas que unha non existe e outra ten crédito cero. Eu estou vendo no orzamento e aquí está salvo que haxa un erro, o que pedimos é que ao próximo pleno dentro de dez días, que se retire este punto e que se traía o expediente correcto, porque así tal como está isto non se pode votar, non é algo que se poida subsanar agora no pleno. Vaise a votar algo onde non hai crédito e non existe, iso é algo imposible, que me corrixa a Secretaria municipal, unha cuestión sería subsanala no pleno pero é que isto non se pode subsanar ou ata agora non está subsanado. Ninguén nos está dando explicacións destas partidas dúbidas. O que me parece algo irreal é que o Goberno presente un plan e non saiba de onde minorar as partidas, que eu saiba quen presenta a proposta é a Alcaldía, que non é intervención nin ningún outro departamento non entendemos. Isto non se pode votar.

Respecto as causas que dicía Lucía, outras causas é tamén o incremento na partida dos salarios do Goberno que incrementou o 2018 ao 2019 un 30% ; o incremento, unha auténtica barbaridade, en gastos xurídicos, sobre todo en litixios co propio persoal do Concello, de iso non se di nada, pero estes son temas importantes. Pedimos a retirada do punto porque este expediente tal como está non se pode votar, que o goberno recapacite, miren o que van a votar porque isto non se pode votar, repito e reitero, a Secretaria espero que poida intervir e si realmente si se pode votar ou non, pois non é unha subsanación que se poida facer neste pleno porque non hai forma de subsanación, a única forma é retiralo e dentro de dez día no próximo pleno traelo sen maior problema, si levamos tres anos sen o plan pois dez días máis no pasa nada.

**Sra. Pereira González:** Simplemente dicir que o Goberno si sabe de onde quita as contías, e non dixeran que o fixera intervención, digo que intervención, a interventora, fixo un informe favorable polo tanto verificaría que esas partidas tiñan crédito, ao mellor se pode tratar dun erro no número dalgunha, que se movera un número da

partida, pero que si ten informe favorable non vexo porque hai que retiralo, iso en canto ao das partidas. En canto ao plan económico, se leva pedindo dende hai moito tempo pero no ano 2018 si que se cumpriron os parámetros e non fixo falta facer plan económico, porque si que se cumprían todos os parámetros; neste ano 2019 non se cumpriron e dous meses e medio despois temos aquí o plan económico feito. Nos gastos si que se recollen os gastos en asesoramento xurídico tanto en materia laboral como en materia urbanística.

**Sra. Tourón Domínguez:** Só unha aclaración, nós non estamos votando un plan mal feito estamos votando un plan cun informe favorable do servizo de intervención, co cal eu o teño claro como Concelleira e en nome do meu grupo que podemos votar este plan económico-financeiro, porque estamos avalados por un informe afirmativo, por un informe favorable do servizo de intervención.

**Sra. Alcaldesa:** Esta Alcaldesa tamén ten claro que si estes informes e esta proposta, que efectivamente Joaquín son eu quen asino a proposta, pero o plan económico-financeiro faise con criterios técnicos e evidentemente avalase polo equipo de goberno e neste caso pola Alcaldesa, que é quen realiza a proposta. Eu teño claro que todo este procedemento foi fiscalizado tanto por intervención como por secretaría e foi traído a este pleno, un simple erro en canto ás cifras nun documento non vai a impedir que votemos este plan económico-financeiro. Chámame a atención que despois de tanto tempo pedindo por parte da oposición este plan e agora que por fin o traemos, tendo en conta a situación na que nos atopamos nestes últimos meses de axilidade administrativa, incluso como sabedes que a administración local non traballaba ao 100%, fomos quen de traelo. Ademais que conste que era un petición que facíades sempre como oposición, aquí tráemos un documento serio para dar cumprimento ás necesidades de chegar a ter todos eses parámetros en orden, como si tivemos no 2018, e eu non lle vexo ningún problema. Este punto viu a este pleno con todos os informes favorables, tanto de intervención como de secretaría e non vexo ningún problema. Non teño ningún problema para que a Secretaria nos dea a súa opinión.

**Sra Secretaria:** Hai dúas cuestións, unha é que efectivamente poda haber un erro numérico na partida ou nas partidas, por exemplo que onde tiña que haber un 2 púxose un 3, neste caso non habería ningún problema, habería que subsanalo pero ao tratarse dun erro numérico que se aprecia de forma evidente non habería problema para someter esta proposta a votación. Se fora outro tipo de erro nas partidas, si se tratara de partidas diferentes con contías que non coinciden, nese caso habería que corrixir o expediente. É verdade que como comentou Joaquín que dentro duns días temos que facer o pleno ordinario, no caso de que non fora un erro numérico e a interventora dixera que hai un erro de cambio de partidas teríamos que volver a traelo, si é efectivamente un baile dun número pódese corrixir sen problema sin ter que volver vir a pleno.

**Sra. Alcaldesa:** Aclarada a dubida, dou lectura a proposta para a súa votación:

*“Visto o Plan Económico-financeiro subscrito por esta Alcaldía en data 26/05/2020, cuxa necesidade se orixina polo incumprimento por parte da Entidade Local do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, posto de manifesto coa aprobación da liquidación do orzamento do Concello de Salceda de Caselas correspondente ao exercicio 2019 mediante Decreto da Presidencia do 27/03/2020.*

*Visto o disposto no informe de Intervención 2020-0075.*

*Resultando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en relación co artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigación de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e de conformidade co disposto no citado artigo, propoño ao Pleno a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Plan Económico Financeiro do Concello de Salceda de Caselas para o horizonte temporal 2020-2021, redactado en cumprimento do previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.*

*SEGUNDO. De conformidade co disposto nos artigos 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e 26 do Real Decreto Legislativo 1463/2007, do 2 de novembro, expoñer ao público o expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Nese prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*No caso de que transcorrido o prazo de información pública non se tivesen presentado reclamacións, o acordo considerárase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.*

*TERCEIRO. Unha vez aprobado definitivamente, publicarase o texto do Plan económico-financeiro no Boletín Oficial da Provincia a efectos exclusivamente informativos e porase a disposición do público mediante a súa publicación na sede electrónica desta Entidade Local. Así mesmo remitirase ao Ministerio de Facenda, e a Dirección Xeral de Política Financeira da Xunta de Galicia, como órgano de Tutela.”*



**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta é aprobada por sete votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e CINCO abstencións do Grupo Municipal Partido Popular (o partido popular non levanta a man polo tanto recollese como abstención), adaptándose os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Plan Económico Financeiro do Concello de Salceda de Caselas para o horizonte temporal 2020-2021, redactado en cumprimento do previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

**SEGUNDO.** De conformidade co disposto nos artigos 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e 26 do Real Decreto Legislativo 1463/2007, do 2 de novembro, expoñer ao público o expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Nese prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de que transcorrido o prazo de información pública non se tivesen presentado reclamacións, o acordo considerárase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

**TERCEIRO.** Unha vez aprobado definitivamente, publicarase o texto do Plan económico-financeiro no Boletín Oficial da Provincia a efectos exclusivamente informativos e porase a disposición do público mediante a súa publicación na sede electrónica desta Entidade Local. Así mesmo remitirase ao Ministerio de Facenda, e a Dirección Xeral de Política Financeira da Xunta de Galicia, como órgano de Tutela.

**Sr. Rodríguez Davila:** Nós o que pretendíamos era que vostede cumprira o ROM e sometera a votación a retirada da orde do día deste punto, vostede non someteu a votación a petición do compañeiro Joaquín, o que pretendía o compañeiro era dicirlle a vostede que sometera a votación a retirada da orde día deste punto por iso o Partido Popular non votou, porque vostede impediu facer esa votación.

**Sra. Alcaldesa:** Quedou suficientemente claro na miña exposición que non ía retirar o punto da orde do día logo da explicación dada pola Secretaria.

**Sr. Rodríguez Davila:** Ni tan sequera lle deu a oportunidade ao compañeiro Joaquín , vostede que fala de tolerancia, de participación, de que se explicara o tema do pronunciamento do noso grupo respecto da votación e nin tan sequera permitiu esa intervención, creo que estas non son maneiras, Sra. Alcaldesa.

**Sra. Alcaldesa:** Non fagas ver o que non é, Joaquín propuxo a retirada do punto da orde do día e eu dinlle a palabra a Secretaria para que se pronunciara, a Secretaria pronunciouse e esta Alcaldesa tomou a súa decisión.

**Sr. Rodríguez Davila:** O compañeiro Joaquín insistentemente lle pediu a palabra e vostede se negou a darlla e non someteu a votación a retirada da orde do día. E en segunda cuestión oxalá sexa un erro dun número e non pase nada, pero si non é e hai que volvelo a traer ao pleno, que problema hai? Vostede tira para adiante, lle da igual que haxa partida que non, alá vostede, nós non participamos nesa decisión, que quede claro.

**Sra. Alcaldesa:** Que dou claro. Gracias a todos e todas pola paciencia e os veciños e veciñas, nos vemos aquí no vindeiro pleno.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

